

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE FENE CON DATA 6 DE ABRIL DE 2006.**

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Fene, sendo as dezaioito horas e dous minutos do d3a seis de abril de dous mil seis, previa convocatoria e citaci3n ao efecto, re3nese, en Sesi3n Ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno do Concello, presidido polo Sr. Alcalde-Presidente D. Xos3 Mar3a Rivera Arnos, coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xos3 Mar3a Permuy Mart3nez, Don Andr3s Gonz3lez Vizoso, Dona M<sup>a</sup> Alicia Mart3nez Gonz3lez, Don Xos3 Anxo Gonz3lez Tom3, Don Manuel V. Pico Sanmart3n, Dona Rita Mar3a Couto Sejjido, Don Jorge Luis Y3ñez Fern3ndez, Don Manuel Angel Rodr3guez Carballeira, Don Jos3 Iv3n Puentes Rivera, Dona Mar3a del Carmen Goti Ramil, Don Carlos Garc3a Berm3dez, Dona Purificaci3n Rodr3guez Rico, Dona M<sup>a</sup> Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fern3ndez, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e D. Manuel S3nchez Mart3nez.

Asiste, tam3n a interventora Dona Agueda Bello Vald3s, e act3a como secretaria accidental Dona M<sup>a</sup> Isabel Fern3ndez Rivas.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudo e discusi3n dos asuntos incl3idos na Orde do D3a, adopt3ndose os acordos seguintes:

**13.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESI3NS EXTRAORDINARIA URXENTE E ORDINARIA DE DATA 23 DE FEBREIRO E 2 DE MARZO DE 2006 RESPECTIVAMENTE.-**

A Corporaci3n Municipal en votaci3n ordinaria e por unanimidade dos/as se3ores/as asistentes, acorda: prestar aprobaci3n 3s actas das sesi3ns Extraordinaria Urxente celebrada con data 23 de febreiro e Ordinaria celebrada con data 2 de marzo de 2006, respectivamente.

**23.- PROPOSTA DE INICIATIVA EMPRESARIAL DO NOROESTE, PARA A RENEGOCIACI3N DOS ACORDOS SOBRE A CREACI3N DE NAVANTIA QUE AFECTAN AO ESTALEIRO DE FENE.-**

D3ase conta da proposta enviada por Iniciativa Empresarial del Noroeste, que transcrita di o seguinte:

“Iniciativa Empresarial do Noroeste ven de presentar ante a Mesa do Parlamento Galego e mais ante a do Congreso dos Deputados, unha proposta para tentar de obte-lo respaldo de 3mbalas d3as C3maras na defensa do futuro do estaleiro de fene, que, como vostede ben sabe, est3 a sufrir unha grave crise de desocupaci3n, malia 3s declaraci3ns dos respons3beis de Navantia de que todo o seu plantel ten traballo.

Como ben pode ver pola iniciativa presentada, IEN, entidade que me honro en presidir, está a esixir-la renegociación do acordo do 16 de decembro de 2004 entre a Sociedad Estatal de Participaciones Industriales e os sindicatos para conseguirla plena ocupación da capacidade productiva do estaleiro de Perlio e o seu pleno acceso ó mercado naval convencional, tal e como esta comarca veu a demandar dende o principio da reconversión do sector hai xa 22 anos.

Con este obxectivo, diríxome a vostede para que, se o ten a ben, faga chegar esta proposta ó conxunto dos grupos municipais que forman a Corporación que preside co fin de que, en sesión plenaria, prodúzase o respaldo á mesma.

A iniciativa concrétase en catro puntos que a continuación resumo:

- 1) Reapertura de negociacións que permitan clarificar o futuro do estaleiro de Fene a través do acceso á construción naval convencional en igualdade con outras factorías do grupo Navantia.**
- 2) Reclamar ante a Comisión Europea o levantamento do veto que pesa sobre o estaleiro en materia de construción naval.**
- 3) Diseñar un plano de empresa que, baixo a responsabilidade pública, permita facer fronte a un mercado competitivo.**
- 4) Fomentar un acordo que permita a participación coordinada, baixo a dirección da compañía pública, da industria auxiliar no futuro da factoría.”**

Previa deliberación, a Corporación Municipal, en votación ordinaria e por maioría de doce votos a favor (7 do BNG, 4 do PP e 1 de EU-IU) e cinco abstencións (5 do PSOE), acorda prestar aprobación á proposta transcrita e ofrecer o respaldo desta Corporación a Iniciativa Empresarial do Noroeste, tal e como solicitan no seu escrito.

#### DELIBERACIÓN

O Sr. Yáñez Fernández, portavoz do PSOE, manifesta que como fala quen presenta a proposta, cre que como ben sabe Iniciativa Empresarial do Noroeste a situación actual dos estaleiros españois é consecuencia dunha negociación dura, e en situación de inferioridade debido á política que neste campo fixera o PP nos últimos oito anos onde non so se provocou que a antiga Astano estivera parada senón que se xerou unha multa ou unha débeda que facía inviable economicamente Izar. Desda negociación chegouse a un acordo, primeiro entre Europa e o goberno socialista español e, tras ese acordo, creouse unha mesa de reindustrialización entre a Sepi e os Sindicatos de onde saíu por consenso a situación actual dos estaleiros, entre eles, o de Navantia Fene. Por outro lado, como consecuencia desta nova reconversión o Goberno Central, xunto con outros estamentos sociais e sindicais crearon o denominado Plan Ferrol para a reindustrialización desta comarca, por tanto dende este grupo socialista queren recomendar a Iniciativa Empresarial do Noroeste e no nome do que asina o documento o seguinte:

Primeiro entenden que Iniciativa Empresarial do Noroeste non son políticos, senón empresarios e por tanto deben de entender que a decisión sobre os estaleiros foi unha decisión politicamente consensuada. Aplauden a súa iniciativa no contexto de buscar o mellor

para o estaleiro de Fene, aínda que en moitas ocasións tiveron un ímpeto tremendo nas súas demandas sobre todo nas que a urbanismo se refiren intentando dicirnos aos políticos locais como debemos facer as cousas. Comprenden que esta petición busca sempre o benestar da poboación de Fene e de Navantia.

En segundo lugar, o seu proxecto deben plantexalo diante da Sepi e Sindicatos que foron os que consensuaron o acordo de decembro de dous mil cinco. No punto primeiro sí están de acordo en que hai que reabrir as negociacións para esixir que se cumpran os acordos da Sepi e dos Sindicatos, é dicir, manter a especialización off shore e dotar de carga de traballo ao estaleiro, que non se está a cumprir. O punto segundo é consecuencia dun acordo entre o Goberno Central e Europa en base a unha xestión nefasta do anterior goberno do PP, e cre que o goberno ate o de agora foi claro neste sentido, estase en Europa para o bo e para o malo.

Por último, dicir que nos dos últimos puntos, tanto o terceiro coma o cuarto, son bastante ambiguos, en canto á súa presentación e posible materialización, polo cal lles gustaría que Iniciativa Empresarial do Noroeste o precisara mais ou en calquera caso o plantexara á Consellería de Industria dentro das súas novas expectativas para dar unha solución aos estaleiros de Fene. Neste sentido, con respecto á proposta de Iniciativa Empresarial do Noroeste baseándose en que seguro que o seu obxectivo é conseguir o mellor para o estaleiro de Fene, eles en calquera caso á vista do dito vanse abster.

A Sra. Rodríguez Rico, portavoz do PP, manifesta que dende o PP apoian esta iniciativa, porque ante a situación que estamos vivindo no estaleiro cantos mais colectivos se unan á petición de que esto vaia acadando un fin que nos permita levantar cabeza á comarca, parécelles moi positivo. Están de acordo nos puntos que se lles presentan nesta iniciativa e dende logo manifestar que dende o PP tódalas solucións que se pretendan dar serán válidas, ou as considerarán válidas, pero sempre partindo de dúas premisas fundamentais. Nun principio que os terreos e as instalacións do estaleiro deben de seguir sendo de titularidade pública, e fundamentalmente a segunda, que se deben respectar aos traballadores adscritos a Navantia Fene con tódolos dereitos que teñen ate o momento recoñecidos, repetindo que están de acordo nesta iniciativa que se lles presentan e que entre todos os ámbitos da comarca se poida facer a presión necesaria para acadar un bo fin para o estaleiro.

O Sr. Sánchez Martínez, portavoz de EU-IU, di na súa intervención que, analizando os catro puntos que presenta Iniciativa Empresarial do Noroeste, dende EU-IU están totalmente de acordo. No primeiro punto é o obxectivo de Astano dar volta á construción naval convencional que é un obxectivo que non so o persigue EU senón que o persigue a cidadanía e a comarca enteira de Ferrol. O segundo punto sobre o levantamento do veto da construción naval de Astano, están totalmente de acordo porque é necesario volver á construción naval convencional, porque xa cando se produce a primeira reconversión do naval hai mais de vintedous anos e nestes momentos ao longo deses vintedous anos o Goberno Español estivo ocupado por dous partidos que foron incapaces de solucionar o problema. Agora hai algo máis, ou o que se sabía dende un principio, que o 31-12-2007 remata o veto a que nos obrigou naquelas negociacións o partido gobernante coa Unión Europea, imos ver que é o que pasa de agora en adiante. O terceiro punto é que a empresa sexa pública, totalmente de acordo cunha reivindicación que sempre dende o seu partido mantense e foi unha loita ademais tanto dos traballadores como das Centrais Sindicais e en parte conseguíuse aínda

que desgraciadamente catro estaleiros quedaron fóra, o ideal sería que permaneceran todos na empresa pública. O punto cuarto en canto á participación baixo a empresa pública, da industria auxiliar, é totalmente necesario si están baixo a empresa pública pois eso regulará como eles din e como vemos todos se regularán mellor as condicións de contratación, traballo e condicións laborais das empresas auxiliares.

Pero aquí hai unha cousa que lles preocupa e cando ven unha reunión que onte se celebró entre Montilla e Fernando Blanco onde non se da ningunha solución nin alternativa para Astano, o único que ven é que hai unha proposta a partir de maio de constitución dunha mesa negociadora, aquí en Astano parece que entre dous o mataron e el solo morreu, parece ser que é o que se lles quere facer ver, porque aquí tanto o PP como o PSOE, cando un goberna é o defensor das causas e cando está no goberno dálle labazadas por todas partes, porque Astano durante doce ou catorce anos estivo levando tortas por parte do PSOE e durante outros oito estivo levando tortas do PP, e si por riba vemos que o día 31-12-07 que está aí non ven que haxa ningunha posibilidade, e na prensa seguen botando balóns fóra, e dicir, que está aí o veto da UE, pois o veto da UE acaba o 31-12-07 como ben dixo, e o que hai que facer é mollarse dunha vez, o que non pode ser é sacar papeliños, defendemos unha historia, defendemos non sabe canto pero ao final a Astano o deixamos morrer, eles, o que é a iniciativa, van a votala a favor, porque coincide no que son as liñas xerais deste partido e dos Sindicatos que estiveron defendendo sempre.

O Sr. Permy Martínez, portavoz do BNG, manifesta que van votar a favor, máis que nada porque si empezan a repasar punto por punto, o primeiro xa o viron hai seis meses neste mesmo pleno, se debateu unha proposta tamén de todos os grupos de crear un futuro para o estaleiro, e máxime cando agora mesmo en Europa estamos falando que está habendo un repunte da construción naval convencional cando hai países europeos que están abrindo ou recuperando estaleiros para mellorar a súa capacidade productiva, nos temos que mantermos en primeiro lugar con Fene totalmente pechado paralizado e cando se fala da construción naval na ría de Ferrol xa se fala de Fene-Ferrol como un punto único e non como dous estaleiros segundo o acordo asinado que estaba previsto, o di porque agora mesmo hai sobre cen traballadores que teoricamente, según a empresa e según a dirección tiñan que estar en Bazán pero grazas á xustiza que lles deu a razón, e di que lles deu a razón porque él é un dos implicados, están en Fene aínda que sen traballo e sen que lles dean traballo polo menos polo de agora, engandindo que un dos problemas mais gordos que ten agora mesmo o sector naval en Fene é que non se quere dotar de carga de traballo claro ao que é o estaleiro de Fene. Despois hai un tema moi importante que é a reclamación sobre Fene que empeza a realización da construción naval, cre que as palabras de onte do Ministro son bastante elocuentes, que di que en Europa están para o bo e para o malo, para recibir fondos estruturais e para cumprir as regras, e as regras como ben nos quere indicar é que o estaleiro de Fene vendeuse a cambio doutras prerrogativas, non saben de que, pero dende logo non para Galicia. Ante todo e por esa razón, cren que unha vez mais teñen que aportar todas as súas posibilidades para que ao estaleiro de Astano lle eliminen o veto e volva a facer barcos.

### **3º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE PLANS MUNICIPAIS DE IGUALDADE.-**

Dáse conta da Moción presentada polo grupo municipal do PP sobre plans municipais de Igualdade e que di o seguinte:

“En Galicia, nos últimos anos, puxéronse en marcha unha serie de políticas destinadas a facilitar a conciliación entre a vida privada e a profesional.

Estas medidas trouxeron importantes avances, pero a día de hoxe, recentes estatísticas seguen a evidenciar, unha elevada precariedade laboral entre o colectivo feminino, polo que se fai necesario seguir incidindo nas políticas, como aspecto imprescindible para a consecución da plena participación social e laboral das mulleres.

Aínda que se ten constancia da importante labor realizada dende as institucións públicas en colaboración cos distintos axentes sociais en materia de formación e emprego, e a pesar do que reflicten algúns indicadores socioeconómicos, abundan aínda obstáculos que impiden ou dificultan unha incorporación das mulleres ó mercado laboral, en condicións semellantes á dos homes. De feito, as estatísticas así o constatan: a maior parte das persoas desempregadas en Galicia son mulleres, tanto se se trata de persoas paradas que xa traballaron, como de aquelas en busca do primeiro emprego.

Por outro lado, en canto ós obxectivos que se deben contemplar en relación coa conciliación da vida familiar e laboral, expertas e expertos na material coinciden en sinalar que os piares básicos das políticas de conciliación pasan por seguir a incrementar así como estender os servizos de apoio e as iniciativas xerais de traballo.

A Lei 7/2004 de 16 de Xullo de Igualdade de Mulleres e Homes de Galicia, establece un compromiso claro en aspectos claves como é o da igualdade plena no ámbito laboral, a conciliación da vida familiar e laboral e introduce importantes medidas na función empresarial e no respaldo, tanto a empresas que actúen en beneficio da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, como as propias mulleres que tratan de desenrolar a súa capacidade emprendedora.

Así mesmo a Lei no seu artigo 32, fala sobre a colaboración municipal nos plans e programas autonómicos, tendo en conta que os Concellos son fundamentais como mellor estrutura organizativa para a súa implementación.

Por todo isto acórdase instar á Xunta de Galicia:

- 1. A que en tódolos plans e programas autonómicos sobre igualdade de xénero se colabore con cada concello nos termos axeitados, a través das subvencións e transferencias necesarias.**
- 2. A promover a través de convocatoria anual de axudas a creación e o mantemento de plans municipais de igualdade.**
- 3. A dotar axeitadamente a partida orzamentaria para a creación e mantemento de plans municipais de igualdade.**

**4. A continuar, xa que logo, co desenvolvemento das actuacións e medidas previstas na Lei 7/2004 de Igualdade de Mulleres e Homes de Galicia.**

Así mesmo acórdase:

Promover dende o ámbito municipal a creación e desenrolo dun plan de igualdade así como campañas de sensibilización social en prol da igualdade así como campañas de sensibilización social en prol da igualdade real e efectiva da muller.”

Previa deliberación, a Corporación Municipal en votación ordinaria e por maioría de dez votos a favor (5 do PSOE, 4 do PP e 1 de EU-IU) e sete en contra (7 do BNG) acorda prestar aprobación á Moción transcrita.

#### DELIBERACIÓN

A Sra. Rodríguez Rico, portavoz do PP, da lectura á moción e manifesta que como ben expoñen na moción, é importante a labor que se está a realizar dende as distintas institucións públicas, pero tampouco é menos certo que é insuficiente, cre que a maior parte dos desempregados, está comprobado estatisticamente que son mulleres, e plantexan esta moción dende o concello principalmente porque é a institución pública que está máis achegada ao cidadán, digamos que ten maior contacto debido a esa proximidade, por eso plantexan que teremos que promover todas aquelas accións en plan para poder solucionar este problema, elo non quere dicir que si ben xa dixo antes non se están a facer medidas e actuacións neste sentido, pero independentemente neste sentido a realidade é que as mulleres seguimos a ser as máis desempregadas e aparte diso hai que conciliar vida laboral e vida familiar que xa é bastante. Independentemente tamén de todo isto consideran que o que se debería resaltar sería a sensibilización social, porque mentres non esteamos sensibilizados realmente co problema, mentres non o vivamos realmente podemos facer un pouco oídos xordos, e que con esta moción o que pretenden, aparte de actuar, tamén sensibilizar á sociedade.

O Sr. Yáñez Fernández, portavoz do PSOE, dille que é boa esta moción, que é moi boa e ademais, ao seu modo de ver, presentada no Concello adecuado, é dicir, este é un Concello onde efectivamente por un lado fanse políticas sociais moi boas e de igualdade, e por outro lado se cometen auténticas barbaridades como pasa cos traballadores do grupo B, onde sendo cinco persoas, tres homes e dúas mulleres, os tres homes teñen un nivel e as dúas mulleres teñen outro, é dicir, que é unha moción oportunísima e no momento oportuno, e remata dicindo que lle gustaría tamén que o PP fora coherente cando se aprobe a Lei de igualdade e de conciliación familiar a nivel do Goberno Central, e van votar a favor.

O Sr. Sánchez Martínez, portavoz de EU-IU, di que como non van estar de acordo coa igualdade, xa están de acordo co que se pida, aínda que moitas cousas lexislativamente xa se están a cumprir, pero preguntaría dúas cousas, ¿que fixo o PP durante oito anos no goberno do Estado Español e en dezaseis da Xunta de Galicia?, aínda que coinciden en todo o que se pide, cre que xa temos pasados uns momentos de denuncias e que hai que pasar das denuncias aos feitos, e pon como exemplo, un coche sen freos non se amaña sen denunciálo e levalo ao taller, aquí o problema non é de leis, isto non se amaña lexislativamente, o que hai que empezar é ir dar pasos e ir ao fondo do problema; que o

fondo é un problema económico dunha política neoliberal como hai un pleno e o repetía aos compañeiros do BNG, mentres no sistema en que estamos estease utilizando traballadores e traballadoras de usar e tirar, que é o que se está a facer, cre que os exemplos sobran, os contratos vasuras aquí os temos por desgraza en España, en Francia, hai un gran combate ante esa animalada dese contrato de FP, do contrato do primeiro emprego que lles queren poñer. Falar de conciliar e de todas esas cousas aquí, con xornadas de dez, doce, catorce horas, como repetía aquí hai uns meses cando parecía que as oito horas de traballo eran unha conquista social cando viamos esto hai uns anos, cando agora vemos que por desgraza quen o ten parece ser que é un privilexiado, difícil é ou imposible, conciliar vida social e traballo si non se cuestiona o sistema onde estamos, de todos é sabido a situación na que se atopa neste caso a traballadora, pero podemos estendelo ao traballador con estas xornadas e estas animaladas que hai de paro, cando de sorte ou casualidade atopa un traballo ten que traballar o que lle manda e non lles queda mais remedio que iso, xornadas agotadoras, virse para casa cando queiran porque saben que na situación na que están doutra maneira non o van volver a chamar, agora esto parécelle moi ben, principalmente polos dous partidos maioritarios que nos gobernan que están totalmente de acordo coas políticas neoliberais, e as políticas neoliberais traen toda esta serie de cousas que estamos a falar, e resumindo, si queremos acabar con esto hai que cuestionar o sistema, como se pode pretender facer estas cousas cun sistema que prima con xornadas abusivas, con contratos vasura, todo o mundo sabe que isto é incompatible coa igualdade real de dereitos, e vemos que do pouco que nos queda neste país de empresa pública, vemos que aí sí se poden conciliar algunhas cousas, agora ben, EU vai votar a favor porque o que se pide é verdade, pero hai que ser serios nesta vida e a vivir que son dous días, igualdade que queda ben, e os traballadores tirados por aí.

A Sra. Couto Seijido, concelleira do BNG manifesta que no pleno do 2 de marzo o BNG presentou unha moción poñendo de manifesto a desigualdade que chega a haber entre homes e mulleres e pedindo a adopción dun acordo para intentar eliminar a desigualdade, que o PP de Fene deu como contestación a abstención, hoxe, día 6 de abril, presenta unha moción que pon de manifesto que recentes estatísticas seguen a evidenciar unha elevada precariedade laboral entre o colectivo feminino, cousa que o BNG se sabe, intenta por os medios necesarios para que isto non chegue a suceder, e así o pediu na moción presentada o día 2. O que pide o PP na súa moción á Xunta, xa está recollido nas bases do 13 de marzo do 2006 do Servicio Galego de Promoción de Igualdade do Home e da Muller nas que se regulan as axudas e subvencións a entidades locais, no desenvolvemento de programas destinados á promoción da muller e que o Concello xa solicitou. Aínda que están de acordo en que canta mais axuda teñamos mellor, pensan que é necesario algo máis que subvencións para que as mulleres teñan acceso ao mundo laboral en igualdade de condicións que os homes, e por iso piden a elaboración dunha Lei galega para o fomento do acceso das mulleres ao emprego remunerado, e o recollían na mencionada moción. No que se refire a ver a elaboración dun plan de igualdade, a súa resposta é que o Concello de Fene xa ten un plan de igualdade e que xa se está desenrolando con multitude de programas e actividades como son Verán mais alá, para conciliar vida laboral e familiar, programa de atención á muller, asesoramento xurídico á muller, diversos cursos para a muller, etc. por eso parécelles mentira que se presente esta moción e máis vindo dun partido que cando estaba gobernando, como dato curioso no dous mil cinco o único que subvencionaron foi o asesoramento xurídico por importe de 2000 euros, da multitude de actividades feitas no Concello e que podemos ver na memoria que ten cada grupo político, entón pensan que esta moción é insuficiente e polo tanto van votar en contra.

A Sra. Rodríguez Rico, portavoz do PP, indica que no seu momento dixo, na moción queda ben reflectido que é certo, que se están a realizar actuacións e en ningún momento dixeron que dende o Concello de Fene non se fixese nada, pero dende o PP consideran que é insuficiente. Que ao principio se lles presentou un plano de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, e tamén unha guía de recursos para a muller que espera que todo estea ben, pero nada mais abrir xa di que isto está incompleto, como exemplo di que en Sillobre, ensino, hai un CEIP e non figura por ningún lado, é nada mais abrir e ver xa un fallo, entón coa moción o que pretenden é de si se fan as cousas facelas ben, senón, non facer nada, e si algún día, cando teña tempo, seguirá lendo o resto e espera non atopar mais gazapos. Dende logo que a moción que se presentou no seu momento, en marzo, polo grupo de goberno, querían unha lei para legislar, eles con esta moción, o que non queren é que se sigan facendo leis, concretamente o 16 de xullo de 2004 cando gobernaba na Xunta o PP, xa deu lugar a esta lei para igualdade de homes e mulleres, e o que pretenden eles non é que se fagan mais leis, o que pretenden é que se poña todo á práctica e toda actuación que se lles de solución, porque ven que é insuficiente, con todo isto non queren dicir que non se faga nada e dende logo contestarlle ao Sr. Sánchez Martínez que ao mellor realmente o problema está en que hai que sensibilizar á xente e teremos que empezar por aí, porque a ela escusan de falarlle de igualdade e que chegue a casa e que teña que facer todo, a igualdade primeiramente temos que mentalizarnos, e cando asumamos homes, mulleres e demais realmente a situación, poderemos aplicar as leis e chegar a unha igualdade na vida cotiá, e tamén é certo que non so podemos vivir de subvencións, pero aquí, neste Concello, si non vivimos de subvencións haber de que imos vivir, temos unha gardería pendente, temos que explotar máis o da atención ao maior, entón hai unha pequena contradición que non a ten moi clara porque aquí sen subvencións o temos un pouco complicado.

O Sr. Yáñez Fernández, portavoz do PSOE, quere precisarlle ao Sr. Sánchez Martínez que plantexa as políticas neoliberais do PSOE e lle sorprende que diga isto, porque sabe que a sanidade é gratis en España por unha política do PSOE, que non cre que sexa precisamente neoliberal, o ensino é gratis por unha política do PSOE que non é neoliberal, os servizos sociais son gratis e accesibles a toda a poboación, a conciliación familiar, a dependencia dos maiores, as pensións, todo iso é gratis e non é por políticas neoliberais do PSOE, eso por un lado, e, por outro lado plantexa o problema da xente nova co contrato vasura e a xornada abusiva, mais abusiva é a experiencia laboral que pide para traballar neste Concello, ter experiencia laboral un xoven, ou sexa, que se lles pide tres premisas imposibles de cumprir para traballar neste Concello, xa sabe que antes falaba de que o PSOE, na reconversión, repartiu labazadas, pois claro que as repartiu, tamén as reparte o BNG aquí en Fene, porque goberna, porque a democracia lle permite repartir labazadas aquí, ogallá as puidera repartir EU pero isto é democracia.

O Sr. Sánchez Martínez, portavoz de EU-IU, en primeiro lugar di que sensibilización haberá ou non, non sabe si a hai, pensa que hai, pensa que de leis estamos bastante ben, o caso é que se cumpran ou non se cumpran, pero o que di é que hai que pasar das realidades aos feitos e legislando non se solucionan as cousas, a lexislación é unha guía que hai que acompañala de algo, e a pon cun exemplo de que, de nada serve dicir que si vai co coche pola estrada e vai sen freos e si non o amaño, máis tarde ou máis temprano, darase o tortazo. En canto ao manifestado polo representante do PSOE, di que por educación poderíase calar pero dicir que a política que practica o PSOE non é neoliberal para el é



tratado de parvo, para el e para calquera persoa que pasase pola universidade é tratálos de parvos, unha política que non cuestiona o sistema en ningún aspecto, onde prima o beneficio por riba de todo e se nos está repetindo aquí unha serie de cousas, o que nos faltaba, que determinadas cousas tamén as conseguira o PSOE, algunhas das que se faláron, non as vai enumerar, algunhas aínda que sexa vergonzoso dicilo se conseguiron no réxime fascista, e todos o sabemos que ten case sesenta anos, e á demagogia do Sr. Yáñez xa está acostumado, cando se di que él lle pide aos rapaces experiencia, sen dúbida que a pide, e a necesitan, ¿pero por que non teñen experiencia eses rapaces?, precisamente polas políticas que defende o PSOE e o PP, o reparto de traballo para eles non existe, lei do beneficio, e non se vai estender máis porque con isto podería facer unha teses doutoral, fala da liquidación da empresa pública total e absoluto, imos ver o que aguanta a menciña, esperemos que aguante moito, ¿como está o ensino?, o 50% en mans privadas, e vai deixalo, ao mellor dentro de tres anos, haberá outras cousas mais.

A Sra. Couto Seijido, concelleira do BNG, en relación co manifestado pola Sra. Rodríguez Rico, di que está ben que un partido da Corporación abra a guía da muller catro meses despois de ser presentada e que non diga nada de que está incompleta, aínda que tampouco viñeron á presentación; no que se refire á gardería, esta está en obras, e por fin imos ter en Fene unha gardería pública despois de moitos anos de solicitala. Dende logo en Fene non se fixo todo o que se fixo referente á política social grazas a subvencións do goberno do PP, e nada máis.

A Sra. Rodríguez Rico, portavoz do PP, quere puntualizar que a gardería, grazas que no momento no que se aprobou gobernaba o PP, aínda que agora nos esquezamos todos, e si na presentación da guía non estiveron porque por desgraza ou por sorte tamén teñen que conciliar a vida familiar e a vida laboral, e que despois de catro meses que máis vale tarde que nunca.

#### **4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O PLAN DE SANEAMENTO E FUTURO DO ENTE POR PARTE DA SEPI E DE RTVE.-**

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP que transcrita di o seguinte:

“**MOCIÓN.-** Coa presentación do Plan de Saneamento e Futuro do Ente por parte da **SEPI** e de **RTVE**, RTVE abandona definitivamente o obxectivo de “cohesión territorial”, que deben cumprir os medios públicos, xa que no caso de Galicia vai supoñer a supresión dun importante número de desconexións territoriais e locais o que se traducirá en que só sobreviva parte da información galega e por tanto unha redución significativa das hora de emisión en idioma galego.

De forma paralela este Plan de Saneamento supón a desaparición dun importante número de postos de traballo da **RTVG**, aproximadamente dun 40%.

Ante estas novas, froito da presentación do Plan de Saneamento e Futuro do Ente por parte da **SEPI** e de **RTVE**, o **Grupo Municipal Popular** ven a presentar a seguinte moción ante o Concello de **FENE**.

1. O Grupo Municipal Popular expresa o seu rexeitamento e Futuro do Ente **RTVE** na medida en que supón a redución de información de ámbito galego, por tanto horas de emisión en lingua galega e supón un drástico recorte na plantilla do centro territorial de Galicia.
2. O Grupo Municipal Popular insta á Xunta de Galicia a:

“Que se establezan os contactos necesarios coa SEPI e RTVE co fin de garantir por unha banda o mantemento das emisións locais e rexionais existentes a día de hoxe, e por outra banda de acordo cos representantes dos traballadores se leven a cabo as negociacións necesarias para que o **Centro Territorial de Galicia** poida seguir cumprindo coas súas funcións e obrigas”.

A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos/as señores/as asistentes acorda prestar aprobación á moción transcrita.

**5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO DENDE A Nº 187 Á Nº 312, ASÍ COMO OS NÚMEROS 170, 171, 172, 173, 174, 178, 184 E 185.**- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o anterior Pleno Ordinario e comprendidas entre os números 187/06 de data 24 de Febreiro e a número 312/06 de data 3 de abril, así como das Resolucións números 170, 171, 172, 173, 174, 178, 184 e 185.

A Sra. Blanco Pico, concelleira do PP, en relación ás Resolucións da Alcaldía quixera que se lle explicara ou aclarara esta partida ou este gasto de xestión de cambio de titularidade dos dominios de Internet do Concello de Fene, unha partida de catro mil catrocentos vinte euros que lle parece o suficientemente importante como para que se aclare a que se refire este gasto. Nesta mesma resolución na 301, tamén aparecen unhas dietas dun concelleiro, o Sr. Pico Sanmartín, que curiosamente hai outra moi similar dun desprazamento á Coruña por un importe total de cento oitenta euros, ir á Coruña cunhas dietas de cento oitenta euros, non sendo a única porque hai máis e quixera que se dera unha explicación destes gastos, destas dietas.

O Sr. Permuy Martínez, portavoz do BNG, contesta sobre o tema do dominio de Internet, e explica que Fene hai tres anos que tiña un dominio que en principio se concedera cando foi o tema da Deputación que era Fene Concello.org, Radio Fene.org, e despois tivemos o de Fene.org, o que se fixo con esta factura foi pagar os tres anos que levamos porque había discrepancias entre a empresa que xestionaba os dominios e o Concello, e eso son de tres anos, o que pasa que presentan agora a factura e onde están os tres dominios, por eso sae desa maneira, estamos falando de cambio de titularidade, dominio e asentamento, hai que ter en conta que aparte dixo o de Radio Fene.org é o que estaba albergando todas as emisións que estamos facendo de Radio Fene que están subindo incluso para que poder ser escoitadas no estranxeiro, o problema era que había unha polémica entre o que nos cobraban e o Concello, e ao final se chegou a un acordo que se fai desa maneira para a liquidación da débeda que tiñamos con eles, débeda na que non estaban de acordo porque estaban facturando demais e eso derivou nunha serie de cartas e escritos e ao final chegamos a un acordo con eles.

O Sr. González Vizoso, concelleiro do BNG, contesta no referente ás dietas, que eles cobran as dietas que están estipuladas polo pleno, ir a Coruña un Concelleiro non pode cobrar 180 euros, pode haber un erro. A Sra. Blanco Pico di que si hai un erro, hai que corrixilo, e o Sr. González Vizoso respóstalle que será de varias persoas, e a Sra. Blanco Pico di que non, que é de Manuel Pico Sanmartín, concretamente a Resolución 283, que hai outra de Tomé, e o Sr. González Vizoso di que non é unha dieta, que é unha retirada de cartos. O Sr. González Tomé respóstalle á Sra. Blanco Pico que podería preguntar primeiro a Intervención de que se trata porque os está acusando de cobrar uns cartos que non é certo, e o Sr. González Vizoso volve a dicir que eso non é unha dieta e estase acusando e eso é perigoso. A Sra. Blanco Pico pregunta si lle permite lela e di: autorizar e recoñece-lo gasto con carácter de a xustificar correspondente ó pagamento do desprazamento a Coruña do concelleiro Manuel Pico Sanmartín, por importe de cento oitenta euros, con cargo á partida do orzamento prorrogado. O Sr. González Vizoso di que non é unha dieta, que é retirar un diñeiro, un adianto para ir uns compañeiros á Coruña, e que logo traen as facturas e xustifican aquí o diñeiro, e non o retiran dúas persoas ou tres, o retira unha persoa para un grupo de dúas ou tres persoas, polo tanto eso non é unha dieta de Manuel Pico Sanmartín, eso é unha retirada de cartos que fai o Sr. Pico Sanmartín para unha viaxe a Coruña e para pagarlle aos demais, A Sra. Blanco Pico di que logo hai outra de gastos de desprazamento a Coruña do Sr. Alcalde e o Sr. González Tomé por importe de douscentos euros e pregunta ¿tampouco eso é un gasto?. O Sr. Alcalde di que é o mesmo, que non se enteira, que eso se retira e logo se xustifica despois á volta.

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Aberta pola Presidencia e dentro do turno de rogos e preguntas, formuláronse os seguintes:

O Sr. Puentes Rivera, quere trasladar a este pleno dúas cuestións que lle achegaron varias das asociacións de nais e pais de alumnos do Concello de Fene. A primeira que é un pouco técnica, non sabe si pode ser respostada nesta sesión, senón pregaríalle que o grupo de goberno o fixera na seguinte. A primeira é referida ao CPI da Xunqueira, saber exactamente cantos cartos se reciben anualmente da Xunta de Galicia para mantemento deste Centro e tamén saber si eses cartos se xestionan directamente por parte do Concello ou por parte do Centro ou por parte da Xunta de Galicia. En segundo lugar si se ten previsto, como se está facendo noutros Concellos, facer nalgúns ou no conxunto dos Centros de Ensino de Fene, un simulacro de evacuación en casos de emerxencia nos colexios e tamén no IES de Fene.

O Sr. Alcalde di que tomará nota porque agora non se sabe exactamente a cantidade e o Sr. Permuy Martínez di que os cartos se usan para os gastos de limpeza e do conserxe, pero exactamente a cantidade non a saben.

O Sr. Rodríguez Carballeira, di que a primeira pregunta, a relativa ao tramo do Río Cádavo, Calle do río Cádavo das vivendas de San valentín, é volver a reiterar a necesidade de limpeza deste tramo, un asunto paralelo a este tamén é que ese tramo desa rúa, ao pasar os coches e determinados pesos, esa rúa cimbrea, suxire que por parte do equipo de goberno se tomen as medidas oportunas en canto a unha inspección desa rúa por parte dos técnicos municipais dado ese movemento de cimbreado, e en todo caso, si é necesario tomar medidas cautelares en canto á restrición da tonelaxe que pase por esa rúa. A segunda cuestión

referido ao poñente de urbanismo no ano dous mil cinco cre que no mes de marzo ou abril, por parte da Xunta de Goberno Local, se concedeu unha licencia de obras ao promotor Servando Souto, en Marqués de Figueroa, recentemente nunha Comisión de Obras, o 13 de febreiro, onde por parte do técnico municipal se di que esa obra está bastante avanzada, se presenta recentemente un ano despois o proxecto de execución cando é un proxecto que debía presentarse previamente ao inicio das obras, e nesa Comisión de Obras se require ao promotor que presente o proxecto de urbanización que debería xa presentar antes do inicio das obras. Por outra parte se lle solicita un aval polo deterioro da rúa e por outra parte tamén se lle volve a reiterar que presente o proxecto relativo ao tema das infraestructuras de telecomunicacións, e a súa pregunta é si a estas alturas por parte do poñente de urbanismo se lle pode dar resposta si esa documentación foi presentada no Concello. A terceira cuestión, no Pleno Ordinario do mes pasado plantexou unha serie de queixas relativas ao cobro ou á medición dos consumos de auga por parte da concesionaria, e plantexou diante deses feitos, a necesidade de que por parte do goberno se convocara a Comisión de Seguimento relativa a este servizo e sobre todo emprazar á propia concesionaria a dar explicacións diante desta Comisión, si se vai convocar por parte do goberno municipal esta comisión.

O Sr. Pico Sanmartín, di que ese é un traballo que se pide dende a Comisión e agora mesmo tería que mirar si está presentado en Secretaría ou na Oficina Técnica pois non o sabe. En canto á rúa, non ten constancia de que cimbree esa rúa pero que o miren os técnicos e que decidan eles.

A Sra. Goti Ramil, di que no Camiño de Mundín se puxo unha sinal onde se limita a tonelaxe e ten queixas dos veciños de que se fai caso omiso desa indicación, e era para recordar ao grupo de goberno que avise á Policía Local para que tomen cartas no asunto porque están pasando camións ignorando completamente a sinal.

O Sr. Pico Sanmartín, concelleiro do BNG, di que se falou coa empresa por parte da Policía para que non pasaran por alí e as noticias que ten é que están accedendo pola entrada da Piscina municipal, e fixeron un acceso interior para eles e non lle consta que pasen por alí camións, ao mellor pasan

A Sra. Goti Ramil di que a ela llo dixeron os veciños que viven alí que continúan pasando.

O Sr. Permuy Martínez, en relación co tema da auga di que xa se comentou no anterior pleno que estaba requirida Aquagest que fixera de oficio, ten un correo electrónico por parte de Aquagest onde se di que se fixo esa revisión dándolle sempre prioridade e veracidade aos usuarios, repartindo en partes iguais por meses, cando houbo unha falta no bimestre que faltou, eles o que fan é no mes seguinte, repartilo en dous meses, dixeron que estaba feita e agora estamos esperando que veña a nova secretaria para facer a convocatoria da mesa da auga.

O Sr. Rodríguez Carballeira, plantexou a necesidade de convocar a reunión da comisión de auga e en todo caso que se explique aí.

O Sr. Alcalde di que a secretaria se incorpora o día 17.

A Sra. Blanco Pico, quere facer unha petición máis que unha pregunta que son unhas lousetas que están levantadas no paseo de San Valentín pola parte de atrás e como é un sitio moi transitado que sería conveniente amañalas, igual que no xardín de San Valentín que está moi abandonado, a zona que está xusto por detrás da praia que hai moita maleza, si é posible a limpeza, hai un problema de roedores en San Valentín, pero que non é so en San Valentín senón que é en todo Fene, porque o Concello viña mantendo unha desratización cunha empresa, si se segue mantendo.

A Sra. González Martínez, di que ese servizo se segue cumprindo.

A Sra. Blanco Pico, di que ten queixas dunhas pintadas no Pavillón de San Valentín, que levan alí moito tempo e porque non se retiran, igual que as redes das pistas que están tamén moi deterioradas. Ao lado da piscina, un problema tamén na estrada con esas obras que se están a facer aí que están producindo unhas fochancas e un deterioro do asfaltado, entón si se vai tomar algunha medidam, ou facer algo, hai uns camións de grande tonelaxe e ao mellor pedir á empresa que utilizara uns camións de menor tonelaxe porque os veciños están molestos e sufrindo as consecuencias desas obras. Tamén Antonio Bertoa lles fixo chegar unha queixa de que se lle asfaltou alí ao lado do muíño un anaco da súa finca que a él nin se lle pediu permiso nin se lle fixo ningunha comunicación, que él si deu permiso para utilizar aquel espazo para aparcamento, pero o do asfaltado estamos falando de coller un anaco de zona privada sen mais. E quere facer chegar as queixas dos veciños das Sindicais polos problemas de auga que están tendo, que están quedando sen auga constantemente, saben que hai unha obra que está pendente que por distintas circunstancias está sufrindo atrasos, dende o PP veñen protestando hai tempo porque os atrasos nos contratos das obras xa son importantes, e nesta obra como noutras máis, os veciños moi afectados. Por outro lado o día 2 de febreiro de 2006 se fixeron unhas preguntas neste pleno ás que o Sr. Alcalde tivo a ben contestar por escrito, o que lle agradecen e preguntaban acerca dun recheo nunha finca de Magalofes e contesta que o Concello descoñece en que finca se realizaron ditos depósitos xa que non teñen constancia de denuncia de depósitos de escombros, e no periódico do día 2 de abril, casualidade, dous meses despois, aparece a foto deses escombros que non están, ben é certo que non están, pero que pasou, como se reencheu iso, quen o fixo, onde está a licenza de obras porque non a hai como di o Alcalde, e si é tan amable e contesta a esta pregunta agradeceríallelo.

O Sr. Alcalde di que aquí non hai constancia de denuncia algunha, ao que a Sra. Blanco Pico di que se aclarará o que pasou.

A Sra. Blanco Pico, engade que sabe que houbo unha reunión cos veciños de Magalofes e quere saber si estas reunións vanse seguir levando a cabo co resto das parroquias. O Sr. Alcalde respostalle que esa era unha reunión política do BNG. E a Sra. Blanco Pico di que falando de cursos alegrase moito ver nunha resolución da Alcaldía onde se lle autoriza a un técnico deste Concello a asistir a unhas xornadas internacionais así como o abono de gastos de traslado e dietas por parte do Concello, de verdade que se alegra, porque si que necesitamos persoal cualificado e preparado e a asistencia a cursos, parécelle prioritario, porque hai pouco acábase de denegar un curso tanto á interventora como á secretaria, non se lles permitiu nin asistir e nin sequera reclamaban dietas, por eso alégrase moito que se cambien as formas neste Concello.

O Sr. Alcalde di que esto non é un tema de debate, que este é un pleno Ordinario e que non llo vai permitir porque está sempre igual, primeiro autorizar a asistir a cursos é unha prerrogativa da Alcaldía, si se considera que é beneficioso para o Concello se lle concede, senón non, a secretaria e interventora pedían en dúas veces tres días máis outros días en Sevilla cando se ían ir xa do Concello, non era en absoluto beneficioso para o Concello, lle mentiron no escrito que presentaron cando dicían que lles valía para ese concurso, non era verdade, non lles valía para este concurso de méritos e tres días mais tres días son seis días mais as viaxes son dez días e para este Concello non valía absolutamente para nada e polo tanto o denegóu e pode facelo.

O Sr. Sánchez Martínez, pregunta sobre a obra das Casa Sindicais si agora está no trámite de licitación, si se fixo por trámite de urxencia, si hai unha previsión máis ou menos de cando se pode empezar.

O Sr. Pico Sanmartín, di que esa obra foi presentada polo trámite de urxencia pero na tramitación do expediente cre que a asociación de empresarios de Galicia presentou un recurso pola clasificación que se esixía que parece ser que non era a correcta, entón houbo que mandalo de novo ao DOG, xa saíu no DOG e está no período de presentar ofertas, non sabe exactamente o día que remata o prazo.

O Sr. Sánchez Martínez pregunta si sobre o punto limpo houbo algún avance máis coa Consellería de Medio Ambiente que parece ser se comprometéu a subvencionalo, ou si está na mesma situación, contestándolle o Sr. Pico que a Consellería de Medio Ambiente se comprometeu a subvencionar-la construción do punto limpo, o único problema que temos é que se decida Sepes si nos cede ou nos vende a parcela de Vilar do Colo que está pedida para iso, parece ser que a Cabanas xa chegou algunha contestación pero aquí non chegou ningunha, e polas noticias que temos aquí non a dan toda, hai que pagar unha parte dela.

O Sr. Sánchez Martínez, pregunta sobre o transporte adaptado, si hai algún avance na Xunta, si se compromete constestándolle a Sra. Couto Sejjido que xa se recibiu a notificación de que a Xunta se compromete a dar 45.000 euros e o Concello ten que poñer 6.000 que xa tiña adiantado, hai que pedilo polo plan concertado e que non hai ningún problema para este ano.

Tamén quere preguntar o Sr. Sánchez Martínez ao Sr. Alcalde e ao Sr. González Tomé polo tema de cando estiveron polo tema instituto de Barallobre, naquela reunión que tiveron si poden adiantar algo.

O Sr. González Tomé respostálle que que tiveron unha reunión co director xeral de FP e foron máis que nada pola inqueda que había con respecto ao Instituto de FP e de Bacharelato que agora están unidos e entón o que vai suceder a partir do curso 2006-2007 que se vai dividir, os dous centros van quedar cada un como centro único, que o centro de FP vai seguir como centro integrado dentro dos sete que vai haber en Galicia. A inqueda a había por culpa do Real Decreto sobre os centros integrados que cabía a posibilidade de que se quedara tanto sen eso coma no prazo de cinco anos coma nada mais; que podía haber un tercio da poboación estudiantil ligada a ese centro pois nos poderíamos quedar tamén sen bacharelato, pero entón o que van facer é un Decreto adaptado a Galicia, coa Lei do Ensino de Galicia, un Decreto ponte para que en xuño ou xullo empece xa a facer a diversificación dos centros. Cada centro vai ter a súa dirección independente, o seu claustro,

os seus traballadores, vai estar independente como estaba antes da fusión, eso o que vai é comportar máis gasto, pero é así, eso foi o que lles dixo o director xeral de FP, e de todas formas lles dixemos que si necesitaban facer algunha ampliación do Instituto de Bacharelato que o Concello tiña alí 8 ferrados que xa se lle ofertaran outras veces, quedamos en enviarlle un plano de como está urbanisticamente a zona, tanto ao director xeral como ao subdirector e pedir unha reunión co Delegado Provincial e levarlle a mesma documentación que se lle vai levar ao director xeral.

**E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, de todo o que eu, como secretaria accidental, DOU FE.**

**O presidente,**

**A secretaria,**